

ROUCCO

SION

Falamos de rock en galego

Número 19- xullo 2022

Publicación gratuíta

Colle unha!

**ARSIAN
WASTED WILTONS
TRUE MOUNTAINS**

**TURBO KRAKS
MACHINA
APHONNIC**

**MEU
LÓSTREGHO
ESPIÑO**



As bandas galegas do Resurrection Fest 2022: Día 1/4

Fotos de Vasco Rodríguez e María Simón


Por fin chegara o día do comezo do festival galego de metal, hardcore e punk por excelencia: o Resurrection Fest de Viveiro. A expectación era máxima, xa que estabamos ante a edición máis longa da súa historia, para compensar dous anos de parón. Un, de ausencia completa alén dunha versión virtual, e outro, o 2021, cunha edición presencial reducida. O retorno á normalidade era xa total, permitindo á organización celebrar como se merece un 15 aniversario que se tería que ter celebrado en 2020.

Despois dun día de quecemento, cun programa que nada tiña que envexar de por si ao do calquera outro festival do país, era xa o momento do festival como tal, e polo tanto, tamén das varias bandas galegas que salpicaban un cartaz con máis de 100 nomes de todo o mundo. Rouco Son estivo alí, como non podería ter sido doutro xeito, para falarvos delas e dos concertazos que deron. O primeiro día, xoves 30 de xuño, que é o que nos ocupa esta vez, a representación galega estivo integrada por Arsian, Wasted Wiltons e True Mountains, así como polos Viveiro Wave Riders, a banda acompañante do célebre músico australiano e canadiense Chris Masuak.

Arsian foi o primeiro grupo deles, sendo a banda encargada de abrir ese día o escenario Ritual. Lembremos que o Resu ten catro escenarios diferentes, nos que polo xeral hai dous ou incluso tres concertos simultáneos, e dos que o chamado Ritual Stage é o máis orientado ao metal e especialmente ao metal extremo. A parte quedaría o escenario principal, onde tocan polo xeral as bandas máis grandes e no que este ano non puidemos ver a ningún artista galego, aínda que de seguro os veremos en anos seguintes. Pois ben, como dicimos, Arsian abriu a xornada no Ritual Stage, e dificilmente podería haber unha apertura máis potente.

Este cuarteto coruñés practica unha mestura de crust punk e thrash metal ao máis puro estilo vella escola. Decididamente sucio e macarra, no seu concerto puidemos ver representados boa parte dos estilos do underground dos anos oitenta, dende o speed metal ata o hardcore punk e o crossover thrash, ademais dos anteriormente mencionados. Aínda que as voces entraban máis no terreo do crust máis escuro e incluso do black metal, as influencias do heavy metal máis clásico nos riffs, iso si, a toda pastilla, eran innegables. Aínda que a tónica xeral foi precisamente a da velocidade sen pausa, predominando o clásico ritmo d-beat na batería, tampouco faltaron os medios tempos para dar variedade á actuación.

Sendo unha banda da escena coruesa, con membros compartidos con outras destacadas agrupacións como Come Back From the Dead, non se pode negar a influencia do mítico crust da cidade. Porén, esta herdanza crust non vén no caso de Arsian pola vía do neocrust meló-



Arsian. Foto cedida polo grupo.

dico característico de moitas bandas desta escena, senón polo culto á vella escola practicado por Black Panda ou especialmente por Dishhammer, cos que poderíamos facer varios paralelismos.

O espírito oitenteiro do grupo estivo reforzado por unha guitarra solista cargada de wah e na que non faltou a melodía de cando en vez, e mesmo polas propias guitarras, estando os de Arsian armados con SGs e Flying Vs. O público non fallou á cita a pesar do sol de medio día, que brillou aínda coas ameazas de choiva, e puido disfrutar dun son practicamente cravado ao das gravacións de estudio da banda. En honor á velocidade dos temas, Arsian rematou a súa actuación tempo antes do previsto, deixándonos a todos con ganas de máis.

Despois deste concerto, os fans das bandas galegas tiñamos a nosa seguinte cita no escenario Chaos, no que predominan as bandas de punk e hardcore. Era a quenda de Wasted Wiltons, unha banda tamén coruñesa que practica un punk moi melódico e tamén cañeiro. Moita xente apunta a que estamos nunha época de revival do pop punk a nivel mundial, e Wasted Wiltons ben poderían adscribirse a esta tendencia, aínda que na vertente máis potente e skate punk do xénero. O seu son destacaba polas coidadas harmonías vocais, as melodías de guitarra sinxelas e pegadizas, os power chords... O sonido en xeral lembra moito ao de bandas punk americanas e especialmente californianas, reforzado polo feito de que as súas letras están en inglés.

As actuacións no Chaos Stage adoitan rivalizar coas do escenario principal ou Main Stage, e neste caso os catro rapaces de Wasted



Arsian no escenario Ritual

Wiltóns tiñan que competir nada menos que coa famosa banda de metal española Vita Imana. Porén, iso non foi problema, e moitos foron os que se decidiron polo punk dos coruñeses.

Na súa enérxica actuación notábase a significación que este festival tiña para eles, pois como dixeron no concerto, levan asistindo a el dende que tiñan 13 e 14 anos. Actuar nesta edición, ademais ten un peso especial, pois, como moitas das outras bandas galegas do cartaz, levaban confirmados para actuar neste 15 aniversario dende finais de 2019. Os rapaces de Wasted Wiltóns aproveitaron a ocasión para presentar cancións novas, nas que continúan co seu son rápido, claro pero potente, con temas breves e directos.

Rematado o concerto dos coruñeses, a seguinte cita ga-



Wasted Wiltóns
Foto: Vasco Rodrigues

grupo aproveitou en todo caso esta formación ao máximo, facendo incluso armonizacións de melodías entre a guitarra e o baixo que fixeron que en ningún caso se botase en falta ningún instrumento máis. A guitarra solista de Masuak levaba en boa parte, si, a voz cantante na banda, pero tamén podíamos escoitar unha considerable énfase nos riffs, que se ben non tiñan a pretensión de inventar nada novo, estaban elaborados e coidados.

Tocaba entón volver ao Chaos para presenciar o último concerto dunha banda galega nesta xornada, o de True Mountains. Este trío de punk está asentado na cidade da Coruña, pero ten a súa orixe en Viveiro, polo que tocaban unha vez máis na casa. Levabamos xa tres concertos de bandas galegas totalmente se-



Wasted Wiltóns Foto: Vasco Rodrigues


guidos, e True Mountains xa tocou ben entrada a tarde, entre as 18:35 e as 19:25, co correspondente impulso que isto supón a nivel de público con respecto ás bandas anteriores, aínda que co prezo de ter que competir contra un gran nome do metal internacional, Sepultura, no escenario principal. Pero o trío xa tiña alí o seu público, así que iso non foi problema.

O grupo comezou en 2013 como un dúo de punk acústico, pero xa levan uns anos explorando o formato eléctrico como trío, cun estilo na liña do de Wasted Wiltons; un pop punk melódico e con coidadas harmonías vocais, algo máis orientado ao medio tempo que os anteriores, pero igualmente movido e cañeiro tamén. Non faltaron en ningún caso as cancións rápidas, en todo caso predominantemente cantadas en inglés. Houbo oco, iso si, para unha canción en galego: Xeración X, escrita para o mítico Xabarín Club da TVG e cuxa letra rinde tributo precisamente á enorme influencia que esta programación infantil tivo en milleiros e milleiros de cativos e cativas especialmente na década dos 90.

Falando precisamente da cati-

vada, un dos momentos destacados do concerto foi a aparición dos Resukids, os nenos e nenas asistentes ao Resu. Protexidos por grandes oreilleiras para evitar sufrir polo elevado volume da música (algo igualmente recomendable para os adultos, aínda que sexa cuns tapóns menos invasivos!), inundaron o escenario para desfrutar da actuación do trío de punk como protagonistas. Unha vez os Resukids baixaron do escenario proseguíu o concerto con normalidade, que rematou ademais cun tremendo pogo da man duns festivaleiros xa quentes e preparados para o resto de bandas internacionais que viría despois.

Remataron así as bandas galegas deste primeiro día de Resu, pero aínda quedaban 9 máis repartidas ao longo dos seguintes. Queda aínda moito festival por diante, e co nivel demostrado polas bandas ata o momento, a cousa prometía moitísimo. Ademais, o sempre arriscado tempo da Mariña Lucense parecía estar botándolle unha man ao festi cun sol agradable que se mantería durante case todo o festi. O comezo non podería ter sido mellor!



Wasted Wiltons
Foto: Vasco Rodrigues



True Mountains. Foto: María Simón



True Mountains. Foto: María Simón




True Mountains. Foto: María Simón



As bandas galegas do Resurrection Fest 2022: Día 2/4

Con fotos de Inés Duport

No segundo día de festival en Viveiro volvía tocar unha boa ración de grupos de Galicia. A euforia do primeiro día non se apagou, e coa xente xa asentada no seu cámping ou aloxamento de preferencia, o ambiente festivo xa era total na vila mariñá. Houbo un par de cancelacións de última hora por causas de forza maior, cos cambios de horarios correspondentes, pero nada diso puido enturbiar a segunda xornada de Resurrection Fest.



Nesta ocasión, todas as bandas anfitriñas subiríanse ao mesmo escenario, o Chaos. Este escenario, situado á entrada do recinto, é, así a ollo, o segundo maior do festival, e é moi axeitado tanto para o sol que fixo este día como para a choiva que estaría por vir pola súa extensa carpa, que chega a protexer a boa parte do público. Ten a desvantaxe de competir polo xeral coas bandas do escenario principal, situado no extremo contrario do recinto. En todo caso, nel predominan as bandas de hardcore, punk e estilos alternativos similares, polo que o post-hardcore de Turbo Kraks e o metal e rock alternativo de Machina e Aphonnica eran idóneos para tocar alí.

O trío ferrolán Turbo Kraks foi a primeira agrupación galega da xornada, e a segunda en subir ás táboas do Chaos. A súa proposta resaltaba no festival por ser un grupo eminentemente instrumental, aínda que entre as súas longas pasaxes de estilo improvisatorio tamén atopamos de cando en vez seccións vocais (normalmente, iso si, breves e concisas). O son resultante é eminentemente ambiental, pero tamén potente, especialmente nas partes vocais berreadas. Para darlle dinamismo ao estilo instrumental, adoitan recorrer a partes suaves para fortalecer co con-

traste as partes máis fortes.

O grupo fixo toda unha declaración de intencións entrando no escenario coa canción de trap "ResurreXXXion Fest" de Sad Damn Hosse Lean sonando a toda potencia polos altavoces. Son varios os artistas da escena trap galega cun son marcadamente agresivo e punk que teñen feito referencias ao Resu nos seus temas, e xa que houbo sitio no festival este ano para bandas internacionais como Moscow Death Brigade, Turbo Kraks parecía romper unha lanza en favor de afondar nesta mestizaxe musical. Entrando xa no seu repertorio como tal, a banda fixo un percorrido pola súa discografía, composta polos EPs Katakroken, de 2017, e Ahora Bien, de 2019. Tamén aproveitaron esta primeira vez no Resurrection para presentar temas novos.

Partindo dun son principalmente punk e hardcore, a banda incorpora unha serie de ritmos variados, achegándose a estilos máis progresivos nalgúns pasaxes. En ausencia de voz, tanto a guitarra como o baixo tiñan tempo para solear e brillar melódicamente, empregando todas as técnicas do seu repertorio. As partes vocais, entre rasgadas e melódicas, eran compartidas entre o baixista e o guitarrista, e eran polo xeral retroucos sinxelos coma o "Bien, mal, re-



gulín, regular” do tema “Regulín” do seu último traballo, coreado por todo o público. Non faltaron tampouco máis cancións sampleadas, como o “Can I borrow a feeling?” dos Simpson.

Media hora despois da fin do concerto de Turbo Kraks comezou no mesmo escenario Machina, ás 16:40 da tarde. Sendo os de Cerceda seguramente a principal banda en activo do metal alternativo en galego, non é de extrañar a gran cantidade de público que congregaron a esa hora, entre a que se podían recoñecer as caras de numerosos membros doutras agrupacións da escena galega. Tratábase ademais da primeira banda con letras integramente en galego que actuaba no festival este no, e sería a única xunto cos tamén veteranos Ruxe Ruxe, así que a ocasión era para non perdela.



O concerto estivo inzado de temazos que o público coñecía perfectamente, cantando a todo pulmón os retrosos de “Odio”, “Fódase”, “Esperanza” ou “Pola boca morre o peixe”, na que o vocalista baixou cantar entre un público que non parou de moverse e facer pogo en toda a actuación. Tamén destacou a interpretación do seu último tema, “O extraordinario”, publicado en 2020 despois de sete anos de parón sen sacar ningún traballo. A pesar dos 16 anos que pasaron dende a fundación da banda, era a súa primeira vez no Resu, e a acollida non puido ter sido mellor.

O estilo do grupo foi, dentro das cauces do metal alternativo que teñen marcado toda a traxectoria do mesmo, moi variado ao longo de todo o concerto. Os berros, os riffs máis pesados e as partes hardcore máis cañeiras, bordeando nalgúns ocasións o son do metalcore ou o do nu metal, alternábanse coas partes máis melódicas propias do rock alternativo, dando lugar a un concerto dinámico e entreteido de principio a fin.

Posteriormente, habería que agardar ata as 20:40 para que subise ás taboas Aphonníc, unha das bandas da escena galega máis internacionais, e dende logo unha das que conseguiu un horario máis favorable no festival. É certo que uns minutos antes empezara a tocar no Main Stage un dos pratos fortes, os ucráinos Jinjer, pero iso non tivo ningunha consecuencia apreciable no público de Aphonníc, que inundou o escenario para apoiar ao cuarteto vigués. As camisetas do grupo contábanse a moreas.

Non podemos obviar que Aphonníc é unha das bandas que máis veces tocou no festival de Viveiro, sendo esta nada menos que a quinta edición na que participan, logo de tocar alí en 2010, 2015, 2017 e 2021.

Polo tanto, a pesar de ser primeira banda do sur de Gali



desta edición do 2022, estaban como na casa. Primeiro foron os tres instrumentistas os que entraron tocando no escenario, para logo dar paso a Chechu e comezar a repasar a fondo os temas dos seus tres últimos discos: La Reina, publicado en pleno 2020; Indomables, de 2017; e Héroes, o que foi seguramente o seu disco revelación, de 2013. Nesta etapa da banda atoparon un éxito sen precedentes, pero non podemos esquecer que estamos ante unha banda veterana con máis de vinte anos de historia e seis traballos ás



súas costas. Non queda moito do nu metal en inglés que practican nos seus inicios, pero si son indiscutibles as súas táboas, a súa presenza inconfundible no escenario.

O grupo solventou sen ningún problema algunhas dificultades técnicas xurdidas ao comezo do concerto (así é o directo), e demostrou ao festival o seu rock alternativo melódico pero contundente, apoiado por teclados sampleados e protagonizado por unha voz característica que trae á memoria a de Enrique Bunbury de Héroes del Silencio. A énfase dos seus temas, máis que nos riffs, está nas melodías, nos retrosos memorables que o público, extasiado, coreou sen fallar un.

Nun Chaos Stage cada vez máis ateigado onde non faltou o pogo, o cuarteto desatou éxitos como "KaleboRock&Roll", "En globo", "Cunfia", "Ombligos" ou "Mi capitán", este último cos nenos e nenas de Resukids de novo enriba do escenario.

Aphonnica foi un colofón perfecto para un día moi variado no que a bandas galegas se refire. Chegamos xa ao ecuador do festival e aínda quedaba moita marcha por diante, con seis grupos dos de aquí aínda por ver. A experiencia, en todo caso, xa estaba a ser inigualable cos grupazos vistos ata o de agora.



"MILLA
ROCK

CHICHARRÓN
BIRIBIRLOCKE
THE RAPANTS
BATTOSAI

Travesía do Porto. O Milladoiro
5 de agosto
A partir das 21 h



Concello de AMES



Deputación
DA CORUÑA

Novo sinxelo do compostelán

ESPIÑO
DEITADO NA AREA

O músico compostelán Alfonso Espiño publicou unha nova canción, a primeira en cinco anos de actividade en solitario, xunto a súa banda de pop rock Espiño. A estrea tivo lugar en plataformas dixitais o vindeiro luns 25 de xullo, coincidindo co Día da Patria Galega. A nova composición orixinal de Alfonso, “Deitado na area”, en palabras do artista, “rebule con naturalidade, alegría e vibracións positivas nun mundo cada vez máis alienado e robotizado”.

O equipo de traballo é o habitual de Espiño: ó seu baixo e voces únense as guitarras de Brais Sánchez, os teclados de Ale González e as baterías e percusións de Fran Facal. Tamén colabora nesta gravación Álvaro Crego con varias pistas de trompas e trompetas. Todo foi rexistrado por Edu Vidal nos novos estudos composteláns de Garaxeland, sendo mesturado por Fon Botana.

Publicarase proximamente un videoclip dirixido por Román Gutiérrez no que a temática será, explica Alfonso Espiño, “o recordo da infancia feliz no contexto do verán familiar na localidade de Noia”. Despois de rematar a súa tese doutoral e da publicación do libro Compopstela, tan só a pandemia puido retrasar a gravación e saída de material discográfico inédito, considerando “Deitado na area” un sinxelo de adianto dun novo LP de doce cancións que xa está a ser rexistrado.





**SACOU NOVO
VIDEOCLIP:**

NARCO TRAFI CANTE DE SEXO

Co seu primeiro EP, titulado ArROUTada, xa nas rúas, a banda bergantiñana Lóstreggho estrea agora o videoclip de “Narcotraficante de Sexo”, cuarto corte deste primeiro traballo. O videoclip contou con Roberto Iglesias e Lorena Mariño ás cámaras, Adrián Mayo para as espectaculars imaxes gravadas con drone, e José García na edición. Xa está dispoñible para verse na canle de YouTube deste trío da Costa da Morte.

ArROUTada, que encapsula o estilo de rock garaxeiro e de influencia grunge do grupo, está composto por 6 cortes, e foi gravado en Cimática Studio polo batería de Broa, Mahi Ferradás. Antes do lanzamento do disco xa puideramos catar previamente “Zarpazo” no mes de outubro de 2021. Este foi o segundo sinxelo e videoclip da banda, logo do inaugural «Dardos». O EP foi, pola súa banda, lanzado o 3 de xuño e presentado ao vivo ao día seguinte no Cremita Fest, celebrado no bar A Eira de Ponteceso. Para a ocasión estiveron acompañados dos coruñeses Cloaca e os carballeses Lowcos.

Lóstreggho destaca especialmente pola súa orixinal formación, composta por baixo, voz e batería. Con estes tres elementos constrúen uns riffs potentes e unhas melodías pegadizas que lle dan aos seus temas unha inconfundible impronta persoal.



Novo videoclip de Meu: **OUTRO DÍA MÁIS**

A Produtora Cultural Toxo Verde presenta o videoclip “Outro Día Máis” de Meu, grupo de rock en galego da comarca de Deza que, nas súas palabras, navega “entre o punk e o metal con liberdade”. Este video foi rodado entre Lalín, Rodeiro, Pontevedra e Redondela, e contou coa colaboración de Cervexas Nasa, da Taberna Alola e do Concello de Lalín.

“Outro Día Máis” forma parte dunha serie de tres cancións gravadas nos estudos Cimática de Cereda por Mahi Ferradás de Broa a finais do pasado ano. O quinteto do Deza está a presentar estes temas ao longo deste 2022 cunha gran acollida por parte dos seus seguidores. Previamente, en 2020, lanzaran dous sinxelos cos que se presentaron publicamente logo do nacemento da banda en 2017: “Animal ferido” e “Non quero ser normal”.

O lugar de ensaio das bandas locais é moitas veces o punto de encontro de moitas xeracións. Neste videoclip do tema “Outro Día Máis” trátase concretamente este tema, pois os seus protagonistas escapan da dor dunha ruptura sentimental aparecendo nun ensaio de Meu, “deixando atrás esa tristeza e celebrando a amizade”, sinalan dende Toxo Verde.





X CONCENTRACIÓN

Vehículos Históricos

XORNADAS PATRIMONIO

COMPOSTELA MONUMENTAL

PRAZA DO OBRADOIRO · SANTIAGO DE COMPOSTELA · 24 DE SETEMBRO 2022 · DE 11:00 A 19:00 HORAS

CONTACTO PARA INSCRIPCIÓN GRATUITA: automovilclubdegalicia@yahoo.es · Tel: 609 291 550

Dr. Mortiis, tatuador:

“COA PANDEMIA MOITA XENTE CAMBIOU O CHIP E AGORA TEMOS CLIENTES QUE VEÑEN TATUARSE A CALQUERA IDADE”

O 17 de xullo celébrase o Día Mundial da Tatuaxe. Falamos co veterano tatuador, con case 30 anos de carreira e 12 de experiencia na compostelá Rúa de San Pedro, sobre un mundo cada vez máis popular. A pandemia cambiouno todo, e o Xacobeo tamén: unha tatuaxe é xa un dos records que moitos peregrinos levan da nosa cidade. Un souvenir que dura moito máis ca unha torta de Santiago.



Dr. Mortiis, primeiro pola dereita, posa con dous colaboradores

Se nos preguntamos que tiveron en común boa parte das culturas da historia da humanidade poderíamos atopar moitas respostas, pero seguro que a pouca xente se lle ocorrería mencionar a práctica da tatuaxe. E, sen embargo, esta arte milenaria está presente en practicamente todos os lugares que habitou o ser humano. Momias en Chile evidencian a existencia desta práctica hai 4.000 anos. As sacerdotisas exipcias, na mesma época, tamén tatuaban o seu corpo segundo patróns misteriosos. En Grecia ou Roma, a tatuaxe era unha marca para escravos ou criminais. Xa o corpo máis antigo conservado en Europa, o do home dos Alpes, Ötzi, presenta estes trazos na súa pel. Todo isto demostra que o ser humano, case desde que leva

“Os camiñantes piden ultreias, cruces, unha copia dun grafitti que atopan polo Camiño que representa a un peregrino xunto a un símbolo infinito”

este nome, adornou a súa pel como unha forma máis de arte ou conforme os usos sociais do momento.

O 17 de xullo conmemórase o Día Internacional da Tatuaxe. Unha data para volver a vista sobre un tipo de arte cada vez máis normalizado e difundido. En Santiago son varios os estudos que ofrecen tatuaxes, e un dos veteranos é o de Dr. Mortiis na rúa de San Pedro. Con case 30 anos na profesión, 12 deles na nosa cidade, este tatuador especialízase en tatuaxes realistas, a cor e cover ups, ou o que é o mesmo, pezas que cobren tatuaxes previas. “O único estilo que non facemos é o tradicional americano, que resulta moi básico. É o clásico tatuaxe de mariñeiro dos anos 50”, aclara.

O certo é que as tatuaxes consolidaron unha parroquia de fieis que permite que neste estudio se tatúen unhas 50 persoas ao mes. Aquí traballan catro persoas de xeito habitual, coa presenza engadida de importantes artistas da tatuaxe a nivel internacional. Este mes colabora con eles Juan Carlos, chegado dende Colombia, e que tamén atende ás preguntas da Revista STGO!. “Tivemos sorte de que estea a facer unha xira por Europa e nos acompañe estes días”, explica o propietario do estudio.

Dr. Mortiis ten unha longa experiencia no mundo da tatuaxe que se remonta a 1993. É por iso que, na actualidade, ten optado por centrarse en poucas pezas e contar coa axuda do seu equipo para o traballo diario. Persoalmente, el realiza unha tatuaxe ao día aproximadamente. No estudio son frecuentes as peticións de retratos de familiares e de mascotas. Unha forma de lembrar sempre, na propia pel, a un pai ido ou ao can que xa nos deixou. “Teñen un grande valor simbólico, e o certo é que responden máis ao desexo de mantelos na memoria que ao decorativo”, cóntanos Dr. Mortiis. Engade que “a finalidade non é estética senón emotiva, permitindo lembrar aqueles momentos e seres queridos”.

Por suposto, a pandemia e o Xacobeo tamén inflúen na profesión, máis se temos en conta que pola Rúa de San Pedro transcorre o Camiño de Santiago e que é unha das

Son frecuentes os retratos de familiares e de mascotas polo desexo de mantelos na memoria

entradas ao punto turístico por excelencia de Santiago de Compostela. “Os meus compañeiros atenden a moitísimos peregrinos estes días”, afirma. Deste modo, os camiñantes que chegan a Santiago e reparan no local entran e piden tatuaxes relacionadas coa longa ruta que veñen de rematar. “Ultreias, cruces, logos do peregrino... incluso tatuar unha copia dun grafitti que debe de estar nalgún punto do Camiño e que representa a un peregrino xunto a un símbolo infinito”, enumera. A lista é longa e toda ela responde a unha pulsión mística que se transforma en estética fronte ao escaparate deste tatuador compostelán.

Un dos cambios que o patrón do mundo da tatuaxe experimentou a raíz da pandemia foi a diversificación do tipo de cliente. Como se de súpeto moita xente se deshinibise, ultimamente “son moitísimos os clientes de máis de 50 anos que veñen facer a súa primeira tatuaxe”, relátanos Dr. Mortiis. Tamén teñen “xente de 60 que se converteu en cliente habitual”. Deste modo, pon de exemplo, “temos unha clienta desa idade que cada moi pouco tempo vén facer unha tatuaxe nova”. Deduce o tatuador que “despois da COVID cambioulle a mentalidade a moita xente”. Durante os anos de pandemia, ademais, o traballo era máis local. Practicamente o 100% da clientela era compostelá, especialmente se temos en conta os longos meses de restricións de movemento. Na actualidade, co Xacobeo dobre, os peregrinos entraron con forza. Queda lonxe, en todo caso, aquel tempo en que só se tatuaban rapaces novos e despois de moito chorar na casa para conseguir permiso.

O maior problema que esta popularización da tatuaxe ocasionou é, para Dr. Mortiis, o crecente intrusismo. “Para ser tatuador precisas de moitos anos de práctica, e non te vas converter nun automaticamente unicamente comprando un kit por Amazon: iso non é un tatuador”, alerta. Para este profesional, este tipo de prácticas “dá mal nome aos tatuadores serios”. Lamenta o desleixo da administración á hora de actuar contra unha práctica ilegal, lembrando que un estudio de tatuaxe profesional debe contar coa preceptiva autorización sanitaria. De feito, as infeccións e mesmo os parásitos poden ser as peores consecuencias de pór o corpo en mans dunha persoa non profesional que non mantén o necesario grao de limpeza e asepsia nas súas instalacións. “Hai que acudir a sitios profesionais para non pór en risco a propia saúde”, defende o propietario deste estudio. Considera que coa pandemia moitas persoas perderon o seu traballo e acabaron dedicándose á tatuaxe non profesional. “A xente que



os coñece confía neles para botarlles unha man, pero iso é moi perigoso porque montar un estudio de tatuaxes na cociña dunha casa non cumpre coas medidas hixiénicas básicas”, alerta. Ademais, este amateurismo fomenta “a mediocridade”. Este fenómeno “desvaloriza o traballo que facemos os profesionais”. Un traballo duro: “custounos moitos anos de traballo conseguir que se aceptase entre o público compostelán tipos de tatuaxes máis complexas que aquelas que se facían orixinalmente, e fixemos obras mestras”. Todo este traballo está en risco “por catro rapaces que o danan”. “Despois pensan que todos os tatuadores somos así”, indica Dr. Mortiis. No seu estudio, posteriormente, son moitos os damnificados que chegan cunha tatuaxe horrorosa que cubrir cun traballo meticuloso e esforzado dun profesional que leva tres décadas nisto.

As tatuaxes, en fin, están de moda. Pero mellor que se fagan con sentidiño: sempre en mans profesionais.



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos. Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio. Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago

**Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 20-07-2022 nº19. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímo-lo cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímo-la mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com